



**Ludo - Sociedade Deportiva**  
Colexio Santo Domingo – FESD  
Praza de Santo Domingo – A Coruña  
C.I.F. G-15852254

Actividade co apoio de:



LU-COLEXIOS24-1

## **BASES TORNEO POR COLEXIOS**

En 2024 o Colexio Santo Domingo-FESD vai organizar a segunda edición da competición por equipos de colexios.

**DATA CELEBRACIÓN:** Sábado 30 de novembro de 2024.

**HORARIO:**

Presentación de 16,00 a 16,15.

Partidas ás 16,15/17,00/17,45/18,30/19,15/. Clausura ás 20,00.

**LOCAL DE XOGO:**

Colexio Grande Obra de Atocha – Praza de España – A Coruña.

**PARTICIPANTES:** Poderán participar equipos formados por xogadores do mesmo colexio e que naceran en **2012** ou posteriores. Os equipos poderán ser dun máximo de 5 xogadores e en cada rolda xogarán 4. Un mesmo centro poderá inscribir un máximo de dous equipos. Este máximo poderá anularse no caso de que o día 25 non teñamos 32 equipos inscritos.

Recomendamos xogar co uniforme ou chándal do colexio.

Por temas de seguros será obrigatorio estar federado ou achegar coa inscrición comunicado do colexio de estar cuberta a saída por póliza de seguros do propio centro.

**RITMO DE XOGO:**

Partidas a 15 minutos + 3 segundos de incremento.

Non se concederá tempo nas xogadas ilegais. Perderase a partida con dúas xogadas ilegais.

**SISTEMA:**

Consideramos un máximo de 32 equipos e 5 roldas.

Caso de considerarse necesaria a ampliación dos equipos, disputaríase unha rolda mais e baixaríase o ritmo de xogo.

**PREMIOS:**

Primeiro, segundo e terceiro posto: Trofeo para o colexio e para cada un dos integrantes  
Medalla para todos os participantes.

**COTA DE PARTICIPACIÓN:**

A participación é gratuíta. Pídese que cada equipo inscrito leve un reloxo válido para o ritmo do torneo e así facilitar a organización da proba.

**MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN:** [www.clubludo.com](http://www.clubludo.com)